



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 15 de abril de 2009, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a obra “Pavimentación viais na parroquia de Darbo” á empresa Construccions, Obras e Viais S.A. (COVSA), co CIF n.º A-36008886, e domicilio na rúa Herminia Fariña Cobián n.º 46 (CP 36003) de Pontevedra, polo importe total de 289.070,82 €, cunha mellora sen custe adicional valorada en 17.829,50 €, un prazo de execución de seis meses, e unha aportación de man de obra de dez traballadores sendo todos eles propios do cadro de persoal da empresa e ningún de nova contratación.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao adxudicatario e requirilo para que no prazo de dez días hábiles, contados desde a publicación deste acordo no Perfil do Contratante, cumpra cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar xustificante de ter aboado ao Concello o importe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Nomear Directora de obra á Arquitecta Técnica dona Carmen Gómez Cancela.

Quinto.- Dar publicidade a adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 16 de abril de 2009.